

## **PROGRAMA DE LATÍN**

### 1) Os textos latinos e a súa interpretación:

- Lectura comprensiva, análise e tradución de textos latinos.

### 2) A lingua latina:

- Orixe e características da lingua latina.
- Morfosintaxe nominal: o substantivo e o adxectivo.
- Morfosintaxe pronominal: características xerais dos pronomes.
- Morfosintaxe verbal: as distintas categorías verbais.
- A estrutura da oración. A concordancia. Oracións simples e complexas.

### 3) O léxico latino e a súa evolución:

- Vocabulario básico. Grupos temáticos e familias de palabras.
- Formación de palabras latinas. Composición e derivación.
- Evolución fonética, morfolóxica e semántica das palabras do latín ás linguas romances.
- expresións latinas incorporadas á linguaxe habitual e culta actual.

### 4) Roma e o seu legado:

- Sinopse histórica do mundo romano dos séculos VIII a.C. ao V d.C.
- Organización social de Roma e institucións políticas e militares.
- Elementos básicos da relixión e da mitoloxía romanas.
- A romanización de Hispania e especialmente da Gallaecia.
- Os xéneros literarios latinos: características e autores máis relevantes.
- A influencia da literatura latina nas manifestacións posteriores.

## **OBXECTIVOS**

- Demostrar que se é capaz de comprender e traducir textos latinos de nivel sinxelo de dificultade pertencentes a diversos xéneros literarios, e que, polo tanto, se coñecen as estruturas lingüísticas básicas da lingua latina, tendo como referente de comparación as linguas galega e castelá e outras linguas modernas, especialmente románicas.
- Demostrar que se recoñecen os distintos xéneros literarios cultivados no mundo romano, as súas características definitorias, os autores máis representativos e as súas influencias nas manifestacións posteriores artísticas e literarias.
- Amosar que se é capaz de identificar elementos importantes da cultura romana no mundo actual e especialmente na Península Ibérica.

## **ESTRUTURA DA PROBA**

A proba constará de dúas partes:

- A primeira parte será de tipo práctico e consistirá na tradución con axuda do dicionario dun breve texto latino para escoller entre dous, un en prosa e outro en verso; como

autores de referencia poden servir respectivamente Eutropio e Fedro. Ademais haberá que comentar gramaticalmente algunhas palabras subliñadas no texto proposto para tradución.

- A segunda parte será de carácter teórico e nela haberá que responder a dúas preguntas, escollendo entre catro propostas, sobre os apartados 3) e 4) dos contidos especificados máis arriba.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- A primeira parte avaliarase entre 0 e 6 puntos. Na tradución valorarase a exactitude e a corrección de estilo na lingua resultante. Ao comentario gramatical corresponderalle ata 1 punto dos 6 correspondentes a esta parte, e nese comentario valorarase a exactitude da resposta.

- A segunda parte avaliarase entre 0 e 4 puntos, 2 puntos por cada pregunta. Valorarase a exactitude das respostas e a claridade da exposición.

### **BIBLIOGRAFÍA BÁSICA**

- Tratándose dunha proba xeral correspondente aos niveis esixibles no bacharelato LOE, poderá ser válido calquera manual de bacharelato ao uso.

- Como ferramentas complementarias de traballo pódense utilizar as seguintes obras:

#### **1) Dicionarios:**

BLÁNQUEZ FRAILE, A., *Diccionario latino-español*, 3 vols., Barcelona: Sopena, 1985

CARRACEDO FRAGA, J., *Diccionario latín-galego*, Vigo: Galaxia, 1999

SEGURA MUNGUÍA, S., *Diccionario etimológico latino-español*, Madrid: Anaya, 1985

#### **2) Gramáticas:**

GUILLÉN CABAÑERO, J., *Gramática latina: histórico-teórico-práctica*, Salamanca: Ediciones Sígueme, 1981

RUBIO FERNÁNDEZ, L.-GONZÁLEZ ROLÁN, T., *Nueva gramática latina*, Madrid: Coloquio, 1985

VALENTÍ FIOL, E., *Gramática de la lengua latina: morfología y nociones de sintaxis*, Barcelona: Bosch, 1984

VALENTÍ FIOL, E., *Sintaxis latina*, Barcelona: Bosch, 1996

#### **3) Historias da literatura latina:**

BICKEL, F., *Historia de la literatura romana*, Madrid: Gredos, 1982

BIELER, L., *Historia de la literatura romana*, Madrid: Gredos, 1972

CODOÑER, C. (ed.), *Historia de la literatura latina*, Madrid: Cátedra, 1997

**4) Manuais xerais:**

BALSDON, J.P.V.D. (ed.), *Los romanos*, Madrid: Gredos, 1979

GUILLÉN CABAÑERO, J., *Urbs Roma: vida y costumbres de los romanos*,  
Salamanca: Ed. Sígueme, 1985-1988. Vol. 1: *La vida privada*. Vol. 2: *La  
vida pública*. Vol. 3: *Religión y ejército*

HACQUARD, G., *Guía de la Roma antigua*, Madrid: Palas Atenea, 1995